

Voces de Queempostela

Folleto Mensual
de Información

Nº17, Decembro-1997

Editado polo
Colectivo Gai de
Compostela

Nova directiva

O pasado martes 2 de decembro o Colectivo Gai de Compostela celebrou unha asemblea extraordinaria na que se elixeu a nova directiva da asociación. Renovaron-se os cargos de Presidente, Tesoureiro e Secretario, ademais do de Vocal 2. Cumpre lembrar que estes cargos non teñen poder decisório, senón que, tal e como estipulan os estatutos do CGC, a asemblea segue a ser o máximo órgano de decisión. Así e todo, os cargos da directiva teñen unha serie de responsabilidades, polo que as persoas elixidas residen habitualmente en Santiago. Nestes días a nova directiva iniciará as xestións para lle comunicar oficialmente a súa composición á Consellería de Interior e a Caixavigo, o banco da asociación.

Cea de Natal

O vindeiro mércores día 17 de decembro o CGC organizará unha cea de Natal aberta aos seus sócios, voluntarios e simpatizantes. A cea será ás 22:00 h. no coñecido restaurante vexetariano compostelán "Cabaliño do Demo", sito na Porta do Camiño. O menú custará ao redor de 1.200 pts. e non se concretará até o luns 15, data límite para se apuntar. Para te apuntar á cea debes pasar polo local ou enviar un e-mail ao CGC. Lembra, o prazo remata o luns 15!!!

Novo grupo en Ourense

O movemento homosexual da Galiza non deixa de medrar. Tras a creación hai uns meses do grupo GALEGA de Lugo, agora asenta-se en Ourense unha nova asociación. O seu nome é "Libertação Homossexual" (LH) e xa

comezou a recompilar información para programar as súas primeiras actividades. Se te queres pór en contacto con "Libertação Homossexual" escribe ao apartado de correos 343, CP 32080 de Ourense.

Servizo telefónico

O Colectivo Gai de Compostela está a estudar a posibilidade de adquirir unha unidade de telefonía móbil aproveitando os recentes e vindeiros ingresos procedentes de festas, vendas do *S'homos* e subvencións. O obxectivo é o de crear un servizo de atención telefónica que axilice o acceso ao CGC por parte da cidadanía e dos medios de comunicación. Até o de agora a prensa contactaba coa asociación através de teléfonos particulares. O CGC está a estudar xa as diferentes ofertas das compañías de telefonía móbil. Na unidade que se adquirirá bloquearan-se as chamadas ao exterior cun código que só ha coñecer o Tesoureiro. Con esta medida pretende-se evitar gastos excesivos. Se tes suxestións ao respecto pasa polo local no horario de costume ou escribe-nos ao apartado ou ao noso buzón electrónico.



Comezan os traballos da Comisión de Historia

Nestes días comezou o seu labor a nova Comisión de Historia, que se encargará de facer un repaso dos acontecementos que marcaron o desenvolvemento do movemento homosexual galego desde a transición democrática até a actualidade. O traballo, que se fará conxuntamente co colectivo "Mil-Homes" da Coruña. En principio, "Mil-Homes" ha-se encargarse de investigar sobre os grupos e actividades na cidade herculina, mentres que o CGC se centrará en Compostela e Vigo. Xa se comezaron a facer as primeiras entrevistas e contactos. Se tes historias ou vivencias que contar non dubides en pasar polo local ou escribir-lle ao CGC ou a "Mil-Homes" (apdo 24/15080 A Coruña).

Lemas para o cartaz

O CGC xa comezou a pensar en lemas para o novo cartaz promocional da asociación. Xa se contactou co deseñador do cartaz, que terá as primeiras probas de fotos, fontes de letra e texturas de fondo nos vindeiros días. Se tes ideas para o lema ou para o deseño do cartaz aínda estás a tempo de pasar polo local ou escribir ao apartado ou por correo electrónico.

Legalización do CLI

O Colectivo de Lesbianas independentes de Santiago decidiu iniciar o seu proceso de legalización co obxectivo de axilizar a súa xestión económica e acceder ás subvencións institucionais. Nestes días o CLI comezará a redixir os seus estatutos e a súa acta fundacional oficial, documentos imprescindibles para o recoñecemento oficial por parte da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, á que se lle transferiron hai uns meses as competencias en materia de asociacións. Tras a legalización do CLI (un proceso que levará meses), o seguinte paso será a apertura dunha conta bancaria da asociación. O CGC está a asesorar a asociaciónlésbica compostelá neste seu proceso de legalización.

A ILGA-Portugal en Porto

O movemento homosexual portugués tamén está a experimentar un importante desenvolvemento. Asentado xa en Lisboa o grupo da ILGA, este acaba de criar outro máis perto de nós, na cidade do Porto. A sección da ILGA-Portugal/Porto comezou a funcionar xa como grupo de autoapoio centrado sobretudo na axuda a homosexuais seropositiv@s. Podes escribir-lles ao apartado 2359 / 4206 Porto Codex. O enderezo da ILGA-Portugal en Lisboa é o 88, rua São Lázaro/1150 Lisboa.



Bo Natal!

Chega o Natal e remata este 1997. Como é habitual, os voluntarios da asociación descansarán durante as vacacións e reiniciarán o traballo na segunda semana de xaneiro. Desde o "Voces de Queempostela", o CGC quere-lle desexar aos seus socios, voluntarios e simpatizantes unhas boas e felices vacacións, así como un novo ano 1998 cheo de liberdade e prosperidade. Feliz aninovo!!!

Xa Sabes...

Escrebe ao apartado 191 /
CP 15780 Compostela
ou por e-mail: gaicompos@hotmail.com

OU

Pasa polo noso local:
Rua Entremuros, nº 16, baixo
luns, mércores e xoves a partir das 20:30